



OFICINA DE OBRAS E PROXECTOS MUNICIPAIS

INFORME SOBRE B (“PROPOSICIÓN AVAILABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”) DAS PROPOSTAS PRESENTADAS NO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTE Ó PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA OBRAS DE REPARACIÓN EN LUCERNARIOS E CUBERTAS DO MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

A Fundación Marco solicita informe da proposta achegada pola empresa constructora PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A. no relativo ó procedemento de contratación correspondente ó proxecto básico e de execución para obras de reparación en lucernarios e cubertas do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

A empresa achega documentación no Sobre B (proposición available mediante xuízo de valor) que se corresponde co esixido na folla de especificacións do contrato FEC do Prego Administrativo.

Tra-la análise da documentación presentada procedemos a puntuala mesma conforme ós criterios establecidos na FEC:

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA: valorarase con ata 20 puntos (PT1).

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

a) A análise das actuacións a desenvolver a través dunha descripción analítica e detallada do proxecto a executar: valorarase con ata 5 puntos.

PUNTUACIÓN: 5 PUNTOS

Inclúese a análise detallada das actuacións a desenvolver, a descripción das actividades importantes da execución da obra e os condicionantes para a execución da mesma cas propostas de execución que poidan garantir unha axeitada posta en obra, todo elo cunha análise específica, precisión, coherencia e idoneidade da proposta e coa representación gráfica axeitada para conqueri-la máxima puntuación posible neste apartado.

b) A análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para o correcto desenvolvemento do proxecto: valorarase con ata 15 puntos.

PUNTUACIÓN: 15 PUNTOS

Inclúese a planificación temporal dos traballos, o estudo específico do edificio e a incidencia dos traballos en cada unha das partes do mesmo e as propostas de medidas para minimizar as afeccións ós usos do edificio no período de desenvolvemento dos traballos, todo elo cunha análise específica, precisión, coherencia e idoneidade da proposta e coa representación gráfica axeitada para conqueri-la máxima puntuación posible neste apartado.

A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE A IMPLANTAR NA EXECUCIÓN DA OBRA: valorarase con ata 30 puntos (PT2)

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

a) A descripción analítica e detallada do plan de control de calidad a executar a maiores do contemplado no proxecto incluindo relación de probas e controis a executar, persoal técnico cualificado que desenvolva traballos de control de calidad na execución da obra, etc.: valorarase con ata 30 puntos

PUNTUACIÓN: 30 PUNTOS

Inclúese a descripción dunha serie de medidas que propón o licitador para controlar e garanti-la calidade dos traballos a executar e un plan específico de ensaios, todo elo cunha análise específica, precisión, coherencia e idoneidade da proposta e coa



representación gráfica axeitada para conqueri-la máxima puntuación posible neste apartado.

CONCLUSIÓN

A documentación que achega a empresa PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A. acada unha puntuación total de **50 PUNTOS** nos criterios de avaliación mediante xuízo de valor correspondentes ó SOBRE B segundo o seguinte resumo:

A.1.- MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA (PT1)	
a) A análise das actuacións a desenvolver	5 PUNTOS
b) A análise do ámbito de actuación da obra	15 PUNTOS
TOTAL PARCIAL PT1	20 PUNTOS
A.2.- PLAN DE CONTROL DE CALIDADE A IMPLANTAR NA EXECUCIÓN DA OBRA (PT2)	
a) A descripción analítica e detallada do plan de control de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto	30 PUNTOS
TOTAL PARCIAL PT2	30 PUNTOS
PUNTUACIÓN TOTAL PT (CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR)	50 PUNTOS

Vigo, na data da sinatura dixital
Arquitectos Municipais

Juan Luis Piñeiro Ferradás

David Carvajal Rodríguez-Cadarso